



DATOS IDENTIFICATIVOS

Organización do sistema sanitario e enxeñaría de procesos nos servizos sanitarios

Materia	Organización do sistema sanitario e enxeñaría de procesos nos servizos sanitarios			
Código	V04M192V01303			
Titulación	Máster Universitario en Enxeñaría Biomédica			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Bioloxía funcional e ciencias da saúde Organización de empresas e márketing			
Coordinador/a	Sartal Rodríguez, Antonio			
Profesorado	Nóvoa Conde, Xavier Rodríguez Vázquez, María Holanda Sartal Rodríguez, Antonio			
Correo-e	antoniosartal@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	<p>Coñecer o funcionamento os servizos clínicos dentro da organización hospitalaria, así como identificar os servizos sanitarios en cada un deles.</p> <p>Identificar a estrutura e organización da empresa, relacionándoa co tipo de servizo que presta.</p> <p>Planificar accións informativas destinadas tanto a persoal clínico como técnico, comprobando o desenvolvemento e resultado das mesmas.</p> <p>Recoñecer as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requirimentos derivados dos postos de traballo e das actividades empresariais.</p> <p>Seleccionar oportunidades de emprego, identificando as diferentes posibilidades de inserción e as alternativas de aprendizaxe ao longo da vida.</p> <p>Aplicar as estratexias do traballo en equipo, valorando a súa eficacia e eficiencia para a consecución dos obxectivos da organización.</p> <p>Exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que se derivan das súas funcións</p> <p>Aplicar hábitos éticos e laborais no desenvolvemento da súa actividade profesional, de acordo coas características do posto de traballo e cos procedementos establecidos na empresa.</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoitado nun contexto de investigación.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B4	Capacidade para resolver problemas con iniciativa, toma de decisións, creatividade, razoamento crítico e de comunicar te transmitir coñecementos, habilidades e destrezas no campo da enxeñaría biomédica

B5	Coñecementos para a realización de medicións, cálculos, valoracións, taxacións, peritaxes, estudos, informes, planes de labores e outros traballos análogos.
B7	Capacidade para analizar e valorar o impacto social e ambiental das solucións técnicas.
B9	Capacidade de organización e planificación no ámbito da empresa, e outras institucións e organizacións.
B10	Coñecemento, comprensión e capacidade de aplicar lexislacións relacionadas co campo da Enxeñaría Biomédica.
B11	Recoñecer as responsabilidades éticas e profesionais en situacións de enxeñaría biomédica e de emitir xuízos informados, que deben considerar o impacto das solucións de enxeñaría biomédica en contextos globais, económicos, ambientais e sociais.
C13	Capacidade para identificar as necesidades na organización e xestión de servizos de enxeñaría clínica nos centros sanitarios.
D1	Capacidade para comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.
D3	Sustentabilidade e compromiso ambiental. Uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer o funcionamento os servizos clínicos dentro da organización hospitalaria, así como identificar os servizos sanitarios en cada un deles.	A1 B7
Identificar a estrutura e organización da empresa, relacionándoa co tipo de servizo que presta.	B9 B10 C13 D1 D3
Planificar accións informativas destinadas tanto a persoal clínico como técnico, comprobando o desenvolvemento e resultado das mesmas.	A3 A4 A5 B7 C13
Recoñecer as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requirimentos derivados dos postos de traballo e das actividades empresariais. Seleccionar oportunidades de emprego, identificando as diferentes posibilidades de inserción e as alternativas de aprendizaxe ao longo da vida.	A5 B9 B11
Aplicar as estratexias do traballo en equipo, valorando a súa eficacia e eficiencia para a consecución dos obxectivos da organización.	A2 B4 D1
Exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que se derivan das súas funcións. Aplicar hábitos éticos e laborais no desenvolvemento da súa actividade profesional, de acordo coas características do posto de traballo e cos procedementos establecidos na empresa.	B4 B5 B7 B10 B11 D1 D3

Contidos

Tema	
1. Enxeñaría de procesos e xestión de servizos hospitalarios	- Principios do enfoque orientado cara aos procesos de negocio. - Xestión baseada en procesos. - Interacción de recursos e procesos: matriz de recursos-procesos. - Aplicación de programas de mellorar continua para o deseño e a optimización dos procesos nunha institución sanitaria. - Cadros de mando e indicadores.
2. Organización e xestión no sistema sanitario. Aspectos xerais	- Estrutura organizativa do sistema sanitario. - Niveis asistenciais dun centro hospitalario. - Estudo de distintos modelos de xestión hospitalaria, pública e privada. - Xestión e organización do sistema sanitario e dos servizos hospitalarios. Xestión eficaz dos recursos, tanto humanos como técnicos, e da xestión dos servizos. - Servizos auxiliares e concertación/contratación de servizos sanitarios
3. Xestión de RRHH	- A importancia do persoal - Procesos de contratación - Plans de formación da persoal - Motivación
4. Xestión de compras e loxística	- Planificación, financiación, compras y provisiones, ... - Servizos auxiliares de carácter non sanitario: aprovisionamento e loxística

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	32	64	96
Resolución de problemas e/ou exercicios	16	32	48
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	3	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Resolución de dúbidas sobre os conceptos desenvolvidos nas clases de aula.
Probas	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Apoio na resolución de problemas a través de exercicios e casos prácticos.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas e/ou exercicios	Probas de avaliación continua que se realizarán nas clases de prácticas de cada unha das partes da materia consistentes na resolución dalgún caso ou situación similar ás desenvolvidas nas clases.	40	
Exame de preguntas de desenvolvemento	2 Teórico-Prácticas: Probas de avaliación continua que se realizarán ao longo do curso nas clases de teoría, distribuídas adecuadamente ao finalizar cada unha das partes a avaliar e programadas para que non interfiran no resto das materias. As probas consistirán na resolución de preguntas/exercicios relativos os contidos desenvolvidos nos bloques da materia e ningunha delas poderá ter un peso superior ao 40%.	60	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Fumadó, C. M., & Castellsagués, O. C., **Sanidad lean**, Elsevier Health Sciences., 2015

Kaplan, R. S., & Norton, D. P., **The balanced scorecard: translating strategy into action**, Harvard Buiness press, 1996

PMBOK, **Project management body of knowledge (pmbok® guide)**., 2001

Cabo Salvador, J., **Gestión de la calidad en las organizaciones sanitarias**, Diaz de Santos, 2014

Bibliografía Complementaria

Recomendacións